ANTEPROXECTO DE LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA
MEMORIA ECONÓMICA-FINANCEIRA

Expte.:2023/NG09

ANTECEDENTES

O artigo 27.6 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia establece como competencia exclusiva a estatística para os fins da Comunidade Autónoma, previsión que se desenvolveu coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (LEG), que foi modificada por Lei 7/1993, do 24 de marzo, Lei 10/2001, do 17 de decembro, Lei 16/2006, do 27 de decembro e Lei 8/2011, do 9 de novembro. Nela establecíanse o marco normativo básico, a estrutura organizativa e os instrumentos de planificación da estatística galega.

Os anos transcorridos desde a súa aprobación aconsellan revisala á luz da experiencia e tendo en conta a achega de regulamentación, o desenvolvemento tecnolóxico e a potencialidade das novas fontes de datos.

Con esta finalidade o pasado 13 de abril o Consello da Xunta acordou iniciar a tramitación do anteproxecto de lei de estatística de Galicia.

Desde 1988, a maiores da lei de 1989 que regula a función estatística da Administración xeral do Estado, do Regulamento (CE) nº 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo, relativo á estatística europea, e do Código de conduta adoptado no 2017 polo Comité do Sistema Estatístico Europeo, ditáronse as seguintes normas na materia:

- Lei 7/1993, do 24 de marzo, de modificación da Lei 9/1988, do 19 de xullo
- Lei 6/1997, do 31 de xullo, do Plan galego de estatística 1998-2001
- Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006
- Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011
- Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016
- Lei15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021
- Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026
- Decreto 173/2007, do 30 de agosto, polo que se establece a forma de designar aos membros do Consello Galego de Estatística
- Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística

Entre outras normas posteriores a 1988 a ter en conta para actualizar a LEG están:

- Lei 37/2007, do 16 de novembro, de reutilización de información do sector público
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

CVE: 1nUgBhLnTNU3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (de protección de datos)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

IMPACTO ECONÓMICO

O obxecto da lei que figura no anteproxecto é regular a estatística para os fins de Comunidade Autónoma, entendida como a produción e difusión de información, mormente cuantitativa, que representa un fenómeno colectivo referido ás realidades demográfica, social, cultural, económica, financeira e ambiental de Galicia e, en xeral, a calquera cuestión relativa ás competencias da Comunidade Autónoma.

Para cumprir os principios do artigo 4 e os criterios de calidade do 5, o anteproxecto establece como instrumento de ordenación e planificación o Plan galego de estatística, que será aprobado polo Parlamento de Galicia mediante lei e terá unha vixencia de cinco anos, agás que nel se establecer outra diferente.

O anteproxecto tamén prevé que dito plan se desenvolva e execute mediante programas estatísticos anuais, que serán aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular do departamento ao que estea adscrito o Instituto Galego de Estatística.

O artigo 22 do anteproxecto regula estes programas estatísticos anuais e no seu apartado 11 establece que o contido de cada programa e a súa execución estarán suxeitos ás dispoñibilidades orzamentarias e organizativas.

Segundo o previsto no Regulamento de funcionamento interno do Consello Galego de Estatística, os seus membros, agás os das letras a), b), c), p) e q) do artigo 19 do anteproxecto, percibirán unha indemnización por importe de 120,20 euros pola súa asistencia a cada sesión do pleno, comisións ou grupos de traballo, que se financiará con cargo á partida 07.80.581A.226.16 dos orzamentos do Instituto Galego de Estatística.

A orixe dos datos que nutrirán o Rexistro de poboación de Galicia da disposición adicional primeira do anteproxecto implica que a súa creación e mantemento non orixinará ningún tipo de custo nin incrementos en materia de persoal mediante novos efectivos ou contratacións.

CVE: 1nUgBhLnTNU3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En consecuencia e de acordo co previsto no artigo único 3 da Orde da Consellería de Facenda do 3 de marzo de 2011, que regula o contido mínimo desta memoria, o anteproxecto de lei de estatística de Galicia non implica impacto económico e o seu custe terá cobertura cos créditos previstos nos orzamentos anuais.

As actuacións derivadas deste anteproxecto serán imputadas ao programa orzamentario 581A Elaboración e difusión estatística.

Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística
Rosa Elvira Fernández González

Asinado por: FERNANDEZ GONZALEZ, ROSA ELVIRA
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 09/06/2023 13:41:43

CVE: 1nUgBhLnTNU3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve